

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE SOLÉNIDOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO ÁS CONFRARIAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXÍA DURANTE O MES DE OUTUBRO

ANTECEDENTES

- 1 O 08.09.2022, ás 13:58 horas, a confraría de pescadores de Muxía, representante deste plan conxunto, solicita autorización para a extracción de navalla (*Ensis arcuatus*) e longueirón (*Ensis siliqua*) con mergullo en apnea ou semiautónomo durante o mes de outubro.
- 2 O 29/09/2022 o INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) emite **informe desfavorable** á apertura solicitada, polo que o 30.09.2022 se emite resolución denegando a extracción ata novo informe favorable.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 22 de decembro de 2021 (DOG nº 251, do 31 de decembro), pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024.
 - A Orde do 23 de abril do 1999, modificada pola Orde do 13 de xuño do 2001, pola que se regula o mergullo profesional na Comunidade autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 4º.2:

Cando se trate de extracción de recursos dentro dun plan de explotación aprobado pola consellería, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia deste, debendo a empresa ou entidade solicitar a aprobación que para efectos de seguridade ten que dar a capitanía marítima correspondente.

- O Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, do Ministerio de transporte, mobilidade e axenda urbana, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo,





establece as normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos entre outras as seguintes normas de seguridade:

A conformación dos equipos de traballo das embarcacións relacionadas nesta resolución serán responsabilidade dos seus titulares e deberán contar cun plan de inmersión autorizado por cada xefe de equipo.

2 Recíbense os seguintes informes:

- Informe da bióloga de zona do 29.09.2022 e 10.10.2022, **con limitacións nas datas e especies e aconsellando controis de talla das capturas semanais** (condicións adicionais)
- Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 07.10.2022.

En todo caso esta apertura está condicionada ao estado das zonas de produción da área de traballo que corresponda a este plan de xestión e que o INTECMAR publica na súa páxina web <http://www.intecmar.gal>, no apartado *INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN*.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Autorizar a extracción de solénidos con técnicas de mergullo ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía segundo se recolle a continuación e **condicionada á notificación da actividade que deban realizar á Dirección Xeral da Mariña Mercante:**

Datas:

- 10,11,13,14,17,18,19,20,21,24,25,26,27,28 e 31 de outubro para **longueirón**.
- 10,11,13,14, 17,18,19,20 e 21 de outubro para **navalla**.

Zonas: Ría de Camariñas, zonas submareais dende punta da Barca a punta do Costado.

- Zona I: marxe dereita da liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo
 - Banco da Barra (CM-033)
 - Banco do centro da ría (CM-146)
 - Praia de Mozogondón (CM-038)
- Zona II: marxe esquerda da liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo
 - Praia da Cruz (CM-037) *
 - Praia de Borreiros (CM-034) *
 - Praia de Loureiro (CM-035)
 - Praia de Area Maior (CM-036)

*** Nos bancos Praia da Cruz (CM-037) e Praia de Borreiros (CM-034) só se permite a extracción mediante a modalidade de apnea.**





Puntos de control e descarga: rampla da lonxa de Camariñas e escaleiras da lonxa de Muxía. O horario de funcionamento será de 13:30 h a 14:30 h. Se finalizaran o traballo no banco antes da 13:30 h deberán avisar á confraría.

Sistema de control :

Conforme ao aprobado na ficha do plan de xestión, acéptase o plan de control alternativo proposto polas entidades a flote, que consistirá no seguinte:

- As confrarías custodiarán e entregarán precintos tipo brida numerados correlativamente ás embarcacións e levarán un rexistro cas asignadas a cada unha. Tamén se disporá de bridas específica para asistencia técnica / gardapescas / lonxeiros no caso de ter que cortar a brida propia da embarcación para controlar as tallas na descarga ou lonxa ou ben para retirar o exceso de tope na lonxa.
- As confrarías subministrarán ás embarcacións un nº de precintos acorde co nº de topes da embarcación (subministro diario ou semanal), xa que en cada capacho caben uns 20 kg de produto e o tope máximo no plan é de 20 kg, se a embarcación dispón de 3 topes diarios deberá subministrárselle 3 bridas diarias.
- Comunicarase a gardacostas por correo electrónico o nº de identificación das bridas asignadas a cada embarcación.
No caso de bridas que non usen ou ben que extravíen, as embarcacións deberán comunicalo á confraría para anulalas e esta comunicará a gardacostas. As embarcacións chegarán ao punto de descarga cos capachos precintados.
- O horario de funcionamento será de 13:30 h a 14:30 h. Se finalizaran o traballo no banco antes da 13:30 h deberán avisar á confraría.
- Unha vez descargadas as capturas, pesaranse en lonxa e retirarase o exceso de tope se fora necesario. A brida de identificación por embarcación deberá acompañar ás capturas ata o punto de venda, que poderá ser a mesma lonxa de descarga ou ben calquera outro autorizado.

Coas autorizacións mensuais poderán introducirse novas medidas ou modificación das existentes, co fin de garantir o control do esforzo pesqueiro e **no caso de incumprimento do control proposto, deberán volver ao establecido na Circular.**

Os datos de extracción mensuais (nome dos barcos asistentes cada día, o número de mergulladores de cada barco/día, a zona de traballo e o horario de inmersión dos mergulladores de cada barco ou, de non ser posible, o tempo de permanencia na zona de extracción de cada embarcación) deberán ser remitidos os biólogos de zona da xefatura comarcal con cada solicitude de apertura para poder realizar o seguimento do plan de explotación.

Puntos de venda: lonxas de Camariñas e Muxía e demais lonxas autorizadas.

Topes de captura:

Longueirón 20 kg/mergullador enrolado e a bordo/día

Navalla 10 kg/mergullador enrolado e a bordo/día





Conxunto (navalla e longueirón) **20 kg/mergullador enrolado e a bordo/día**

O establecemento dunha merma no paso polo punto de control requirirá a presentación dun informe técnico que xustifique a medida.

Artes: mergullo en apnea ou semiautónomo.

Horario:

En apnea, entre as de 8.00 h a 14.00 h e para semiautónomo de 10:30 h a 13:30 h. segundo establece o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Embarcacións participantes e xefes de equipo: relaciónanse no anexo que se xuntan a esta resolución.

En todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo). A conformación dos equipos de traballo das embarcacións serán responsabilidade dos seus titulares e deberán contar cun plan de inmersión autorizado por cada xefe de equipo.

Os armadores das embarcacións participantes serán responsables do cumprimento das seguintes condicións:

- Ter en vigor o seguro de responsabilidade civil, tanto da embarcación como dos mergulladores contratados
- Ter enrolados e de alta na Seguridade social a todos os tripulantes/mergulladores
- Ter o despacho da embarcación coa lista de tripulantes debidamente actualizado

Os mergulladores participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar debidamente enrolados
- Ter o título profesional de recolector con técnicas de mergullo en vigor (segundo a modalidade de extracción)

Sen prexuízo das notificacións da actividade que deban realizar para pór en coñecemento da Dirección Xeral da Mariña Mercante, coas solicitudes de apertura deberán achegar a listaxe de embarcacións e relación de mergulladoras/es, os equipos de traballo coa relación de mergulladores e xefes de equipo e sempre que haxa cambios nos mesmos, deberán comunicarse á Subdirección xeral de gardacostas e a esta xefatura territorial aos enderezos respectivos: pesca.sala.operacions@xunta.gal e desenvolvemento.mar.coruna@xunta.gal

Os días autorizados nesta resolución, que non vaian mariscar, deben ser comunicados con anterioridade ó horario autorizado do día que se pretende anular, mediante escrito remitido por rexistro electrónico a esta xefatura indicando o motivo.





Condições adicionais:

- 1 Aconséllase que as asistencias técnicas realicen polo menos dous controis de talla das capturas semanais para a consecución dos obxectivos biolóxicos.**
- 2 Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. As entidades que contan con persoal técnico, a data da solicitude da apertura do plan de xestión, terán que ter actualizados os datos da explotación na ferramenta para o seguimento dos plans habilitada pola consellería (AT2 novo formato actualizado). En caso contrario, os datos da explotación deberán ser remitidos regularmente á xefatura territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura os técnicos deberán ter a súa disposición os datos anteriores.
- 3** Cando a actividade se realice coa modalidade de subministro de aire poderá limitarse a 3 horas, e ao obxecto de facilitar as tarefas de control, o límite máximo situarase nas 13:30 horas. **Nas solicitudes de apertura virá especificado o horario.** Antes das 9:00 horas deberán remitir sempre que se traballe coas dúas modalidades, o listado de embarcacións e mergulladores que acoden a cada técnica e zona de traballo (pesca.sala.operacions@xunta.gal).
- 4** No caso de incumprir estas condicións, prohibirase o mergullo semiautónomo, e de non recibirse o listado antes das 09:00 h anularase o día de extracción. Polo tanto, o incumprimento das condicións de control e seguridade establecidas nesta resolución de apertura poderán ser motivo para limitar o uso do mergullo semiautónomo, limitando a extracción á modalidade de mergullo en apnea.
- 5** Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de xestión, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.
- 6** As intervencións subacuáticas serán realizadas dentro dos límites das atribucións da titulación posuída polo mergullador e **sen sobrepasar en ningún caso a profundidade de inmersión autorizada para esa titulación segundo establece o Decreto 64/2008, do 27 de marzo**, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 7** Durante as intervencións subacuáticas con subministro de aire dende superficie cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo). No caso das intervencións subacuáticas en apnea cumprírase co establecido na disposición transitoria cuarta do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño.
- 8** Segundo a proposta de aprobación do plan da xefatura territorial, deberán achegar a información referente á actividade de mergullo para a emisións das resolucións de apertura deste plan de xestión que se establece na proposta de aprobación do plan da xefatura territorial, **sen prexuízo das notificacións da actividade que deban realizar segundo o Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño.**
- 9 Comercialización:** cómpre recordar o disposto no artigo 10.1 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, pola que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño:

Art. 10.1. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas





nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino...

Así mesmo a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control de descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, establece:

Artigo 6.- Documento de orixe: Cando se transporten o trasladen moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos dende a zona de produción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación, se acompañarán dun documento de orixe que conteña os datos que se recollen no anexo III da Orde.

Artigo 7.- Documento de rexistro (Puntos 1 a 10 do artigo).

As solicitudes de apertura e calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (cambios de zona de extracción, datas, etc.) enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





ANEXO

EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS PARA EXTRACCIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN NAS CONFRARIAS DE CAMARIÑAS E MUXÍA (ZONA VI) CON MERGULLO EN APNEA OU SEMIAUTÓNOMO EN OUTUBRO DE 2022

EMBARCACIÓNS	MATRÍCULA	COTAS
ANA	CO-4-1803	3
CANABAL UN	CO-4-1-21	2
MARIA DEL PILAR	CO-4-1961	3
MIRIAM	CO-4-1960	3
NAUTIL	CO-4-8-04	3
O VULCANO	CO-4-2-12	3
SANDRA	CO-4-1716	4
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3

XEFES DE EQUIPO EMBARCACIÓNS CAMARIÑAS			
NOME	NIF	TITULACIÓN	CADUCIDADE DA TITULACIÓN DURANTE 2022
CARLOS VALIÑA AMEIJENDA	***2623**	R.R.Específicos	NON
JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA	***2138**	R.R.Específicos	NON
ROBERTO JULIO MAHIA PEDRE	***0203**	R.R.Específicos	NON
MANUEL ANGEL PASANTES CARRIL	***9851**	R.R.Específicos	NON

XEFES DE EQUIPO EMBARCACIÓNS MUXÍA			
NOME	NIF	TITULACIÓN	CADUCIDADE DA TITULACIÓN DURANTE 2022
ALBERTO PÉREZ LAGO*	***0660**	R.R.Marinos Principado de Asturias	NON
ANTÓN GONZÁLEZ SIEIRA	***9537**	R.R.Específicos	NON
ANTONIO GOYANES PIÑEIRO	***0272**	R.R.Específicos	NON
FELIX VILELA CARLIN	***2717**	R.R.Específicos	NON
ISMAEL TAJES MOUZO	***7310**	R.R.Específicos	NON
MARCOS R. PIÑEIRO SÁNCHEZ	***0253**	R.R.Específicos	NON
MARIO ANGEL IGLESIAS OTERO	***7746**	R.R.Específicos	NON
OLGA SENDÓN PAZOS	***5276**	R.R.Específicos	NON
RICHARD TAJES MOUZO *	***0697**	R.R.Marinos Principado de Asturias	NON
SANTIAGO BLANCO LOJO	***0252	R.R.Específicos	NON

*Alberto Pérez Lago e Richard Tajés Mouzo contan coa titulación de Buceador Recolector de Recursos Marinos da Comunicade Autónoma do Principado de Asturias e presentan a documentación relacionada na Circular 1/2021 da Subdirección xeral de desenvolvemento pesqueiro do 3.12.2021, polo que pode participar nesta extracción unicamente co emprego de mergullo semiautónomo.

